



REQUISITOS E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

REQUISITOS DE ACCESO: segundo o *Regulamento de Organización e Funcionamento da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello da Coruña* (BOP 15 de abril de 2014)

- Ter cumpridos, como mínimo, os 3 meses de idade na data de comezo do curso, e non ter cumpridos os 3 anos a 31 de decembro do 2017
- Poderase flexibilizar este requisito para aqueles/as menores con NEAE susceptibles de integración. Para iso, presentárase ante a Comisión de Escolarización un informe do Equipo de Orientación Específico ou outra entidade pública especializada, en que se certifique oficialmente a discapacidade, acompañada dun informe da Dirección da escola en que se valore se os recursos estruturais, materiais e humanos de que dispón son os adecuados para a educación e atención do/a menor.

CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

1. Criterios de prioridade

- En primeiro lugar, terán preferencia para obter praza nas EIM os/as menores que acrediten vivir empadroados/as no Concello con algún dos seus proxenitores e titores con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano en que se solicita a praza.
- En segundo lugar, e se existisen vacantes, poderán obter praza os/as menores empadroados/as no Concello con posterioridade ao 1 de xaneiro do ano en que se solicita praza.
- En terceiro lugar, e se existiren vacantes, poderán obter praza os/as menores empadroados/as noutros concellos, sempre que algún dos seus proxenitores e titores traballe nunha entidade pública ou privada situada no termo municipal do Concello.
- En cuarto lugar, e se existisen prazas vacantes, poderán obter praza menores doutros concellos.

2. Criterios de baremación:

1.- Renda anual da unidade familiar:

- Tramos para puntuar a renda anual da unidade familiar:

- Inferior ao 100% do IPREM :	4,00 puntos
- Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM :	3,75 puntos
- Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM :	3,50 puntos
- Entre o 150% e inferior ao 175% do IPREM :	3,25 puntos
- Entre o 175% e inferior ao 200% do IPREM :	3,00 puntos
- Entre o 200% e inferior ao 225% do IPREM :	2,75 puntos
- Entre o 225% e inferior ao 250% do IPREM:	2,50 puntos
- Entre o 250% e inferior ao 275% do IPREM:	2,00 puntos
- Entre o 275€ e inferior ao 300% do IPREM:	1,50 puntos
- Entre o 300% e inferior ao 325% do IPREM:	1,00 puntos
- Entre o 325% e inferior ao 350% do IPREM:	0,50 puntos
- Superior ao 350% do IPREM:	0,00 puntos

IPREM = Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, contía para o 2015: 7.455,14 €/ano

- Datos tributarios: referidos aos cadros 380 e 395 da declaración da renda do ano 2015



2.- Situación sociofamiliar:

- Minusvalía do menor solicitante (mínimo 33%): 3 puntos
- Condición de familia numerosa: 3 puntos
- Irmáns/ás solicitando praza simultaneamente: 3 puntos
- Primer irmán/á con praza renovada na REIM: 3 puntos
- Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos
- Condición de familia monoparental: 2 puntos
- Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade que non sexa o/a menor para o/a que se solicita a praza (mínimo 33%): 2 puntos
- Por cada un dos irmáns/ás seguintes con praza renovada na REIM: 1 punto

3.- Situación laboral

- Ocupación da nai (mínimo 4 horas diarias): 4 puntos
- Ocupación do pai (mínimo 4 horas diarias): 4 puntos
- Situación laboral de desemprego da nai: 2 puntos
- Situación laboral de desemprego do pai: 2 puntos

No caso de familia monoparental a puntuación correspondente neste apartado, adxudicarase multiplicada por dous.

3. Criterios de desempate para aplicar en orden preferente:

- 1) Maior puntuación por irmáns/ás nas escolas da REIM (con praza renovada)
- 2) Presentación da solicitude de praza para máis dun/a irmán/á no mesmo curso escolar
- 3) Minusvalía do/a menor solicitante
- 4) Situación laboral de ocupación de ambos proxenitores ou titores así como do pai ou nai no caso de familia monoparental
- 5) Puntuación por outros membros a cargo da unidade familiar
- 6) Minusvalía doutro membro da unidade familiar
- 7) Maior puntuación por renda
- 8) Sorteo de letra realizado pola Consellería competente na materia. (Primeiro apelido "I" e "I". Segundo apelido: "Ñ" e "X")